


Información en saúde e sustentabilidade 413-1

CONSUMER EROSKI é o proxecto informativo do Grupo EROSKI co que queremos formar e informar aos nosos consumidores para facilitarlles unha vida saudable e sostible, mediante produtos informativos veraces, independentes, prácticos e amenos.

A través desta publicación, dispoñible en castelán, catalán, eúscaro e galego, tratamos temas relacionados coa alimentación, a seguridade alimentaria e a saúde, pero tamén sobre outros temas de interese para os nosos consumidores: medio ambiente, solidariedade, mascotas e mundo bebé, ou aforro e economía doméstica. Durante

2019 continuamos co noso afán de mellora e servizo aos nosos lectores e consumidores, incorporando novas seccións do seu interese. Nela colaboran, ademais de distintos profesionais, varias entidades como a Federación de Diabéticos Españois (FEDE), a Fundación Española do Corazón (FEC), o centro tecnolóxico Azti-Tecnalia e a Asociación Española de Pediatras de Atención Primaria (AEPap).

Edición impresa:



Edición dixital: www.consumer.es



Alimentación e hábitos saudables desde a infancia 413-1

A información e a formación son ferramentas fundamentais para tomar decisións adecuadas no que respecta á alimentación. Por iso, promovemos unha alimentación que prevén a obesidade infantil e ofrecemos ferramentas formativas a nenos e nenas para que tomen as mellores decisións sobre a súa alimentación de forma consciente e divertida.

Escola de alimentación

Esta iniciativa da Fundación EROSKI, nacida en 2013, ten o obxectivo de fomentar unha alimentación equilibrada e uns hábitos de vida saudables entre a cidadanía e constituír un punto de encontro de profesionais da saúde e da educación, proxenitores, escolares e resto de cidadanía comprometida coa mellora da súa alimentación e estilo de vida.

www.escueladealimentacion.es

Ofrece información actual e de calidade, como resultado do coñecemento científico e das investigacións que desenvolve, avalada por profesionais da saúde. Para o desenvolvemento de todas as súas iniciativas, colaborando tamén con gobernos autonómicos e distintas organizacións relacionadas coa saúde e o consumo responsable.

